

Circular 74-2015

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBES DE PROBAS

COMBINADAS (de cadete a absoluto)

CAMPIONATO DE GALICIA DE HEPTATHLON MASCULINO

E PENTATHLÓN FEMENINO VETERÁN

Lugo, 9 e 10 de Xaneiro do 2016

Art.1) Os días 9 e 10 de Xaneiro terá lugar o **Campionato de Galicia de clubs de probas combinadas (cd até absoluto)** e o **Campionato de Galicia de heptatlón masculino e pentatlón feminino veterán** nas pistas e no módulo do Gregorio Pérez Rivera de Lugo. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Lugo.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das categorías cadete, xuvenil, junior, promesa, senior e veterán situados entre os 8 primeiros do ranking galego e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Clube pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Según acordo da Asamblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

Art.3.) No Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas poderán participar todos os atletas que o desexen aínda que o seu clube non inscriba a tres atletas ou máis. A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende cadetes ata absolutos. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 5 de xaneiro do 2016.**

Art.5) Os tres primeiros atletas veteráns clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla. No Campionato de Galicia



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



de clubs haberá trofeos para os tres primeiros clubs.

Art.6) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do inicio da primeira proba.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8) O horario provisional do Campionato é o seguinte:

Sábado:

60	Homes	Cad/Xuv/Vet	16:00
Lonxitude	Homes	Cad/Xuv/Vet	16:40
60	Homes	Jun/Pro/sen	16:50
Peso	Homes	Cad/Xuv/Vet	17:30(Foso 1)
Lonxitude	Homes	Jun/Pro/sen	17:35
60v	Homes	Cadete (0,91)	18:20
60v	Homes	Xuv (0,91)	18:30
Altura	Homes	Cad/Xuv/Jun/Pro/sen	18:30
Peso	Homes	Jun/Pro/sen	18:30(Foso 2)
Altura	Homes	Jun/Pro/sen	19.30

Domingo:

HOMES		HORARIO	MULLERES	
60 v	Pro/Sen (1,06)	10:00		
60 v	Jun/ Vt 35-45 (0,99)	10:10		
60 v	Xuv /Vt 50-55(0,91)	10:15		
60 v	Cad/Vt 60 y sup (0,91)	10:20		
		10:30	60 v	Jun-SenVt 35 (0,84)
		10:40	60 v	Cad-Xuv/Vt 40 y sup
Pértiga	Xuv/Jun/Pro/Sen/Vet	10:45		
		11:00	Altura	Cad/Xuv/Jun/Pro/Sen
1000	Cad	12:15	Peso	Cad/Xuv/Jun/Pro/Sen
		13:00*	Lonxitude	Cad/Xuv/Jun/Pro/Sen
1000	Xuv/Jun/Pro/Sen/vet	13:30*		
		13:40*	600	Cad
		13:45*	800	Xuv/Jun/Pro/Sen

-* Este horario e estimado, as probas poderanse facer a medida que rematen as probas anteriores mantendo os intervalos regulamentarios.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.9) O acceso ao módulo será restrixido, existindo cámara de chamadas. O adestradores que queiran poder entrar no módulo deberán enviar un e-mail a fgatletismolugo@gmail.com antes do venres 1 de xaneiro para recibir acreditación para o acceso.

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

VictorArufeGiraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 23 decembro de 2015